

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 18
DE MARZO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogo do PP presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/1526 o día 15 de marzo de 2021, xunto cos rogos presentados á Comisión Informativa de Urbanismo.

Único. Por medio de escrito do 22 de xaneiro do ano en curso, o Grupo Municipal Popular interesou que se publicara na páxina web do noso concello a videoacta do pleno ordinario do 27 de maio de 2020.

Ante a falta de contestación do dito escrito, nas comisións informativas do pasado mes de febreiro a dita petición foi reiterada por escrito e oralmente, sen que tampouco fora contestada a día de hoxe nin oralmente nin por escrito, como se comprometera o señor alcalde.

Transcorridos dous meses dende a petición inicial, o certo e verdade é que nin se contestaron os nosos rogos sobre o particular nin a mencionada videoacta se atopa publicada na páxina web do noso concello, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que á maior brevidade posible se publique a dita videoacta plenaria.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non aceptan o rogo. Di que tal e como consta na acta do 27 de maio de 2020, que foi aprobada en pleno o 29 de decembro, a sesión foi telemática, a través da plataforma Councilbox, que non interopera co sistema de videoacta que está instalado no salón de sesións da casa do concello. A acta redactouse recollendo a literalidade das intervencións de cada un dos concelleiros, que era o sistema que se empregaba antes de por en marcha o sistema de videoactas, e atópase publicada na páxina web do concello de Cambre no apartado “Arquivo de plenos municipais”

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se, entón, se o resto de actas que se fixeron con Councilbox tampouco serán colgadas.

Dona María Dolores Pan Lesta contesta que non se pode pola mesma razón, pero que coa nova plataforma si se podería levar a cabo.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1528 o día 15 de marzo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1º Volvemos a incidir na preocupación pola atención á veciñanza a través de citas previas para acudir ao Concello de Cambre.

Trasládáronnos que nalgún departamento non se dan citas exactas, que o técnico/a pertinente chama no horario que ten dispoñible na data marcada.

Descoñecemos se isto se trata dunha situación dun departamento en particular, con temas concretos ou é unha xeneralidade que se poida estar a dar nos diferentes servizos municipais.

Rogamos se elimine este modo de atender con cita previa, nos casos que resulte posible para facilitar os trámites á veciñanza.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non se acepta o rogo, xa que piden que se elimine esa forma de atender con cita previa. Non se acepta porque nos casos nos que se pode facer, xa se está facendo.

Se con este rogo se están a referir a Servizos Sociais, é porque se a primeira cita se alonga, a seguinte tamén se alonga. É o único departamento onde lle comentaron que teñen eses desaxustes no tempo.

2º Xa dimos traslado sobre este tema en diversas ocasións achegando unha demanda que nos chega constantemente por parte da veciñanza debido ao desfase que ten a páxina web e o pouco accesible que é para os/as usuarios/as.

Posto que non vemos moita actividade ante os rogos e escritos que presentamos en diferentes ocasións solicitando que se reflectisen os centros socioculturais, casas do pobo, instalacións deportivas públicas, parques infantís, etc.

Rogamos a actualización e mellora da accesibilidade informativa da páxina web municipal.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1528 o día 15 de marzo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Queríamos coñecer detalladamente cando se efectuou o pago ás asociacións de diferentes tipoloxías (clubs deportivos, Anpas, culturais, ...) que resultaron concesionarias das subvencións municipais dos anos 2019 e 2020?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se pagaron en decembro de 2020 as culturais de 2019, o resto está en proceso de revisión de documentación por parte de Intervención para pago.

As do 2020 están en fase de tramitación de documentación.

2ª O pasado 31 de outubro de 2019 tratouse un rogo presentado pola concelleira de Ciudadanos no que se trasladaba a necesidade de que se lles dera denominación ás vías públicas “Lugar da Cabana” que pertencen a Sigrás e Anceis. Rogo que foi recollido por Ramón Boga Moscoso.

En que punto do proceso está o cumprimento deste rogo?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que as placas as teñen, os permisos dos veciños tamén, así que se colocarán en canto se poida.

3ª Tratando novamente a preocupación pola atención á veciñanza a través de citas previas para acudir ao Concello de Cambre, como xa preguntamos noutra ocasión gustaríanos coñecer o dato actual de cales son os prazos de espera para obter cita nos diferentes departamentos municipais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que en Rexistro 3 días, en Padrón 1 semana, en Urbanismo dun día para outro, en Servizos Sociais entre 8 e 10 días e na Axencia de Desenvolvemento Local no mesmo día.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1526 o día 15 de marzo de 2021, xunto co rogo presentados á Comisión Informativa de Presidencia.

1º- 2º - 3º Hai xa máis dun ano que o Grupo Municipal Popular trouxo por vez primeira ás comisións informativas as queixas dos veciños do Temple, ante a situación de inseguridade existente na praza Uxío Novoneyra, a comisión de actos vandálicos contra o patrimonio público e privado e o enfrontamento dos seus presuntos autores con aqueles veciños que lles recriminaban a súa actitude.

Tras varias solicitudes veciñais e deste grupo municipal, o certo e verdade é que a día de hoxe, tal e como refiren os veciños e se corrobora coas fotografías que se achegan, as pintadas, a sucidade ou o vandalismo non só non mellorou, senón que se incrementou, sen que por parte das autoridades municipais se adoptaran medidas que as paliaran nin se contestara aos veciños.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente:

1. Se adopten as medidas necesarias para devolver a seguridade á zona
2. Se conteste aos veciños que se teñen dirixido en varias ocasións ao noso concello por escrito
3. Se adopten as medidas necesarias para a limpeza do lugar

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, reitera que os veciños do Temple, da praza Uxío Novoneyra, dinlles que segue a situación de inseguridade e que dende o concello nin se lles contesta, nin se poñen en contacto con eles.

4º e 5º Son numerosas as queixas veciñais recibidas polo Grupo Municipal Popular respecto da contorna e a propia base de Protección Civil de Cambre.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, na propia base de Protección Civil se desprenderon os elementos do letreiro que a identificaban como Base de Protección Civil “David Pisani”, o que entendemos debe corrixirse.

Polo que se refire á súa contorna, o estado de abandono no que se atopa a parte traseira (con acumulación de chatarra, restos de coches e outros materiais) non ofrece o aspecto que sería desexable.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que á maior brevidade posible:

4. Se repoña á maior brevidade posible o letreiro identificativo da base de Protección Civil “David Pisani”
5. Se limpe e adecúe a parte traseira da base de Protección Civil

Faise constar que, cando son as 13:33 horas, incorporouse á sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que recolle os dous rogos. Respecto das letras do cartel explica que ao lavalas a presión desprendéronse as letras, pero cando estea pintado volverase a colocar.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se antes ou despois do verán.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que se vai facer con medios propios. Este tipo de días de sol veñen ben, cando estea completamente seco será cando se faga. Conclúe dicindo que se pintará o municipio cando veña o bo tempo.

6º Unha vez máis, o Grupo Municipal Popular trae a comisións informativas a necesidade de reparar o mobiliario urbano do noso concello. Nesta ocasión referido aos bancos existentes no paseo marítimo do Temple, onde tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, é necesario reparar ou substituír aqueles que se atopan en peor estado.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se solicita que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para reparar ou substituír os bancos existentes no paseo marítimo do Temple que, como os das fotografías que se achegan, atópanse en peor estado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo e di que se levará a cabo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se hai algún prazo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que os que xa foron substituídos era porque estaban rotos. Os que quedan non o están, pero están mal. Destes bancos teñen un almacenamento e van repoñéndoos.

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/1528 o día 15 de marzo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. No pasado mes de decembro solicitamos que se demandase ao Consorcio das Mariñas o funcionamento irregular e o mal estado dos colectores de lixo, así como a mala colocación dalgún deles.

Rogamos se realice un informe dos diferentes contactos e xestións realizadas dende o Concello de Cambre para a mellora do servizo de lixo dende a solicitude de Alternativa de Cambre e se dea traslado del nos diferentes medios municipais.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, manifesta que teñen dúbidas pola redacción do rogo. Pregunta se piden que se faga un informe e que se poña na páxina web do concello para que os veciños o coñezan.

Don Raúl Varela Fraguío, de AV, contesta que o que piden é que das xestións que se teñan feito co Consorcio respecto do lixo se realice un informe para dicir se se está traballando e que se vai facer. Un informe no que poña que un día se fixo unha cousa, o seguinte a outra, etc.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy acepta o rogo, pero dilles que se teñen incidencias agradeceríalles que lles comunicaran, pois algunhas das incidencias das que falan non se fixeron nin no Consorcio nin no Concello. Polo resto acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1527 o día 15 de marzo de 2021.

1ª e 2ª Nos últimos meses o Goberno local publicou que o Concello de Cambre iniciaba os trámites para executar a demolición dun edificio inacabado nos Campóns (Sigrás), de forma subsidiaria, tras ter requirido sen éxito aos donos que presentasen un proxecto de demolición en marzo de 2018. Demolición que, tal e como se anunciou, tería un custo duns 112.500 euros.

Transcorridos varios meses dende o anuncio sen que se teña producido ningunha operación que externamente faga presaxiar a realización inminente de operacións de demolición, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Urbanismo:

1. Que xestións ou trámites se estiveron levando a cabo nos últimos tres meses para a demolición do dito edificio?

2. Cando se teñen previsto iniciar e terminar os labores de demolición?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non é que a solicitude do concello non tivera consecuencias, a propiedade si presentou un proxecto de demolición.

O procedemento urbanístico está pechado, está para demoler. O financiamento ten que poñelo a empresa, tense trasladado á Deputación para ver de onde se saca o diñeiro. A Deputación iniciou un procedemento para a vía executiva. O expediente urbanístico está concluído e aceptado pola sociedade.

3ª Respecto do cumprimento das normas derivadas da pandemia, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre por:

Número e causa das multas impostas polo noso concello no último mes nos expedientes sancionadores abertos a persoas e locais á vista das restricións, peches e incumprimentos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que dende o 22 de xaneiro ata o 18 de marzo houbo un total de 39 denuncias, por motivos como non usar a máscara, incumprir o número máximo de persoas reunidas segundo a normativa aplicable en cada momento, exceder o toque de queda e similares. Todas elas van derivar en multas, e xa están enviadas, tal e como debe facerse segundo o convenio formalizado con Fegamp e Xunta de Galicia.

4ª-5ª-6ª O pasado mes de febreiro o Concello de Cambre reactivou o servizo de atención psicolóxica e terapéutica que xa se tiña instaurado ao principio da pandemia e aos poucos meses deixou de ser prestado. Ante tal anuncio desde o Grupo Municipal Popular reitéranse as preguntas formuladas en comisións informativas o pasado mes de febreiro, referentes a:

- Cales son os motivos polos que este servizo de atención psicolóxica, que xa está sendo prestado por outras administracións públicas foi instaurado, apenas dous meses despois suprimido, e agora novamente restablecido?

- Cal é a titulación dos profesionais que prestaron o servizo interrompido e os que o prestan hoxe en día?

- Cal é o custo previsto para este servizo nos tres meses de duración e con cargo a que partida?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que estes servizos non os prestou outra administración. As titulacións son una psicóloga e unha terapeuta ocupacional, e o custo para os tres meses de programa é de 7018,19 euros. Púxose en marcha pola terceira ola da pandemia e as restricións que ten suposto.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1528 o día 15 de marzo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Posto que o Consello Escolar Municipal do Concello de Cambre é un dos poucos órganos de participación real que existen, preguntámonos que traballos están facendo para dinamizalo debido a non poder realizar convocatorias del.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que a intención é poder levalo a cabo cando sexa posible. Estase en contacto cos membros a través da concellería e fanse as comunicacións oportunas. Farano en canto sexa viable.

2ª Ante o anuncio da medida que permitirá aos locais de hostalería a ampliación das súas terrazas para compensar as restricións sanitarias, o cal nos resulta unha boa noticia, mágoa que só exclusivamente para aqueles hostaleiros/as que teñen terraza.

Aínda que tamén son moitos os veciños e as veciñas que cren non están de acordo con tal ocupación dos espazos e así o transmitiron a este grupo municipal e tamén a través de diferentes canles do Concello de Cambre.

Como van compatibilizar e controlar esta diferenza de intereses?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que segundo a ordenanza de aplicación e a realidade do covid haberá que conciliar o tema das mesas.

Di que a prioridade é o peón e facer unha relación do proceso para evitar conflitos, pero estarán atentos ao que poida xurdir.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1528 o día 15 de marzo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1º Son moitos os trámites que actualmente resulta máis sinxelo realizar de xeito en liña, dende solicitar unha cita médica, ata presentar un documento polo rexistro de calquera administración ou solicitar unha subvención.

Pero tamén son moitas as persoas que non teñen acceso aos recursos técnicos para facelo ou ben non teñen os coñecementos para facelo.

Do mesmo xeito que se está a realizar formación para as familias e para os empresarios, dende Alternativa dos Veciños de Cambre rogamos que se programen e activen diferentes actividades e/ou medidas para achegar e formar á veciñanza cos trámites en liña cada día máis necesarios.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo.

2º Dadas as restricións sanitarias que temos actualmente varios/as usuarios/as das instalacións deportivas da Barcala trasladáronnos a cuestión de que non entenden por que están pechadas.

Tamén non trasladaron a posibilidade de contactar cos servizos e a nula información recibida ao chamar ao concello.

Na páxina web tampouco hai ningunha información sobre o peche das instalacións, polo que rogamos se tomen as medidas necesarias para facer chegar información á veciñanza sobre as causas do peche do ximnasio municipal da Barcala e a estimación para a súa apertura.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1528 o día 15 de marzo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Trala petición que se fixo a diferentes organismos para o arranxo do xardín situado na Casa da Arrigada, que presta agora o servizo como OMIX, e o cal sería extraordinario xa que permitiría actividades e un punto de encontro ao aire libre para a mocidade.

Temos o coñecemento de que a Deputación está disposta a colaborar e queremos coñecer como está o compromiso por parte dos outros organismos.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude contesta que non teñen confirmación oficial, pídenlles que se eles a teñen, o poñan en común con todos, pídelles colaboración. Ten unha primeira conversación coa directora xeral de Xuventude e con Agader para pedir unha subvención cando saia.

Dona Sandra Sánchez Vieites, de AV, manifesta que volverán a preguntarllelo e pasaranlles a información.

2ª Dende a aparición da Covid non hai moita información do servizo público dos locais de ensaio. Na web non hai información de se continúan a funcionar, se se poden solicitar ou como se está a xestionar/dinamizar agora este servizo, tamén como se está a organizar o COLE con esta nova situación.

Poden expoñer información sobre como se está a xestionar/dinamizar este servizo e o seu correspondente comité organizador?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude contesta que os locais de ensaio son de tamaño reducido, sen ventilación e úlzense elementos de vento, polo que non se poden abrir. As sesións do COLE están suspendidas por este motivo. Reabriranse tan pronto como se poida.

3ª Despois do parón dun ano practicamente, no programa de actividades de xuventude e tamén doutros departamentos desta comisión, con amparo na situación sanitaria, puidemos ver a pasada semana a programación que se presenta dende xuventude para Semana Santa. Foron planificadas actividades en liña e presenza.

Que cambiou para que se dea este cambio de actividades a presencial?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que a causa é a situación sanitaria. Non obstante, levaranse a cabo todos os que se poidan facer, e agora estanse adaptando, de levalos a cabo en liña a presenciais.